

PLAN ANUAL DE LECTURA
CEIP DO BOLO
2018-2019

Índice

1. Fundamentación.
2. Necesidades do centro no ámbito da lectura.
3. Obxectivos.
4. Organización de espazos e tempos para a lectura.
5. Recursos humanos e materiais.
6. Liñas de actuación prioritarias en relación coa biblioteca escolar no centro.
7. Seccións.
8. Rutinas de lectura.
9. Itinerarios lectores.
10. Actividades e temporización.
11. Len en familia.
12. Seguimento e avaliación.

1. Fundamentación.

Como referente principal respecto da lectura, a escritura, as habilidades informativas e as bibliotecas escolares na nosa comunidade autónoma, para a Educación Primaria temos:

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Concretamente, no TÍTULO III, artigo 18 fai referencia ás bibliotecas escolares e á lectura nos seguintes termos:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Como desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro elabórase un Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que o equipo de biblioteca, os titores de Educación Infantil e Primaria, os especialistas e os integrantes dos distintos equipos pretenden realizar ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto.

Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe.

Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da biblioteca escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos órganos de coordinación docente así como a outros órganos da nosa contorna (biblioteca pública,

asociación culturais, librarías, ...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

2. Necesidades do centro no ámbito da lectura.

As dificultades observadas no alumnado fan referencia a:

- O insuficiente dominio mecánico da lectura e a escritura.
- A deficiente expresión oral e escrita.
- A falta de vocabulario apropiado á súa idade.
- A baixa calidade de comprensión lectora.
- A lectura como lecer.
- Dificultade na seu desenvolvemento á hora de conseguir datos, realizar traballos a partir da investigación en diversas vías de obtención da información na biblioteca.
- Baixa capacidade na localización de fontes de información adaptadas ás necesidades concretas e incapacidade para discriminar a información máis importante da que é secundaria.

Por todo isto, propómonos unha serie de obxectivos a tentar cumprir, coa intención de captar a atención dos nenos/as sobre o mundo marabilloso dos libros, mediante actividades divertidas e variadas.

3. Obxectivos.

- Fomentar estratexias para mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- Estimular os hábitos de lectura e escritura.
- Elaborar e poñer en práctica distintas actividades educativas.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e búsqueda de información.
- Buscar estratexias para acadar unha maior e máis efectiva colaboración coas familias e o entorno no ámbito da lectura e escritura.
- Integrar a biblioteca como centro de recursos ao servizo da comunidade escolar.

4. Organización de espazos e tempos para a lectura.

Espazos:

- Aulas ordinarias e específicas.
- Biblioteca escolar.
- Outras bibliotecas: visita a outras bibliotecas próximas coa finalidade de coñecer distintos modelos.

Tempos para a lectura:

- “Hora de ler” en Educación Infantil e Primaria: Serán sesións diarias de 20 minutos (de 13:20 a 13:40 horas), de forma simultánea para todos os cursos e grupos.
- Uso da biblioteca escolar por parte dos diferentes órganos de coordinación docente dentro do horario lectivo, con actividades previamente deseñadas polo profesorado e que contará cun horario reservado.
- Actividades de formación de usuarios na biblioteca.

5. Recursos humanos e materiais.

Humanos:

Formación dun equipo de biblioteca que colabore en actividades relacionadas coa biblioteca escolar e que se comprometa a recibir formación específica para levalas a cabo (grupo de traballo, asistencia a cursos convocados polo CFR...). Este equipo estará coordinado polo responsable de biblioteca.

Formación dun equipo de alumnos/as colaboradores para realizar actividades que se desenvolvan desde a biblioteca escolar.

Coordinación entre os distintos órganos de coordinación docente (dinamización lingüística, actividades complementarias e/ou extraescolares, titorías, orientación...).

Materiais:

Adquisición de fondos documentais, tanto impresos como audiovisuais, para a biblioteca escolar de cada unha das materias que se imparten no centro.

Incremento do número de lecturas de carácter xuvenil e novidades, para fomentar o hábito lector dunha maneira máis atractiva e novedosa que pretenden motivar ao alumnado en actividades como a “hora de ler”, pondo a disposición do alumnado material atractivo.

6. Liñas de actuación prioritarias en relación coa biblioteca escolar no centro.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Constitución do novo equipo de biblioteca: responsable da biblioteca e equipo de apoio.
- O responsable da biblioteca asumirá, na medida do posible, horario para poder levar a cabo a xestión que será completado polo equipo para que a biblioteca funcione durante a xornada lectiva.
- O equipo de biblioteca elaborará en colaboración coa dirección do centro o horario de apertura da biblioteca durante todos os recreos, de forma que sempre esté atendida por alomenos un mestre de garda máis un equipo de alumnos e alumnas colaboradores.
- O equipo realizará reunións para organizar e levar a cabo as actividades programadas
- Reestruturación dos espazos de primaria. Seguiremos coas liñas de actuación previstas para a xestión de fondos prestando especial atención a:
 - a) A adquisición e renovación de fondos, que buscará o equilibrio da colección entre fondos documentais e literatura de ficción atendendo a demanda de profesorado e alumnado e o desenvolvemento do currículo e tendo presente o papel da biblioteca como compensadora de desigualdades sociais.
 - b) Priorizar a adquisición de material en galego en comercios da zona de influencia do centro.
- Continuar co proceso de revisión dos diferentes campos do Programa Meiga completando e corrixindo os erros detectados co fin de axilizar a localización e utilización dos fondos.
- Facilitaríanse a todos os alumnos de Primaria e persoal docente un carné de usuario. Do mesmo xeito se emitirán carnés para as diferentes aulas e persoal non docente que o solicite.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE

- O equipo de biblioteca promoverá o intercambio de información entre os diferentes equipos do centro para favorecer a difusión e realización das diferentes actividades e proxectos desenvoltos ao longo do curso co fin de optimizar tempo, traballo e recursos.
- Prestaremos especial apoio aos proxectos do centro que teñan que ver co currículo, proporcionando apoio material, de recursos ou espazos así como a adquisición de fondos.
- Coa creación do blogue da biblioteca difundiranse as experiencias que se leven a cabo no centro así como os traballos directamente desenvoltos desde a biblioteca e as colaboración puntuais de alumnos e profesores. Así mesmo manterá informada á comunidade educativa das novidades en canto a adquisición de fondos e mobiliario.
- Publicitaremos as novidades no andel adicado ás mesmas no corredor da biblioteca.
- Procuraremos que cada especialista aporte recursos didácticos, experiencias, suxestións de adquisicións, enlaces de interés, aplicacións, etc
- Utilizaremos a mascota da biblioteca como recurso de dinamización e promoción dos recursos da biblioteca: correspondencia cos usuarios, elaboración de marcapáxinas, carteis, chapas para os encargados...
- Fomentarase a participación en proxectos e outras actividades que teñan especial relación coa formación de usuarios e a educación documental.
- Favorecerase e procurarase a formación dos compoñentes do equipo de biblioteca que promovan e melloren a calidade das prácticas educativas.

FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA A FORMACIÓN DOCUMENTAL

- Presentación clara das normas de uso, horario e servizos da biblioteca.
- Complementar a guía de usuarios publicada o curso pasado e modificada xa no actual, se é necesario.
- Exposición e publicación das novidades.
- Formación do profesorado que o necesite e do alumnado.
- Continuar cun programa sistematizado para cada curso e temporalizado por trimestres, encamiñado ao desenvolvemento de habilidades, sendo quen de usar a información obtida en calquera dos soportes dos documentos.

- En Infantil: Procurarase que un mestre do ciclo participe no equipo de biblioteca co fin de establecer canles de comunicación con todo o equipo.
- Primeiro de primaria: Durante o primeiro trimestre, establecerase nas respectivas programacións unha sesión semanal co obxectivo de que os nenos e nenas cheguen a facer uso da biblioteca e os seus servizos de forma autónoma.
- No resto dos cursos, a formación de usuarios irá estrictamente ligada ao uso da biblioteca e comprenderá normas de utilización, tipos, clasificación e colocación de fondos documentais e todos aqueles aspectos demandados polos propios alumnos e docentes e incluídos nas programacións.
- Nos cursos 5º e 6º E.P. incidir na importancia da selección de información á hora de elaborar traballos e proxectos, tanto de xeito individual como grupal.
- Os alumnos do quinto e sexto de primaria serán colaboradores da biblioteca nos recreos, de maneira voluntaria, pero comprometida.
- Formación para a búsqueda on-line
- Formación Tic

FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Publicitar ao claustro as experiencias de traballo por proxectos realizadas nos diferentes ciclos, equipos, áreas co fin de aumentar o nivel de participación e motivación.
- Colaborar cos diferentes equipos na elaboración de actividades relacionadas coas conmemoracións marcadas no calendario escolar.
- Publicitar a comunidade educativa o lector/a do ano.
- Participar cos diferentes equipos na organización de actividades aportando os recursos necesarios e centralizando a información.
- Prestar especial atención aos cursos que requiran axuda no desenvolvemento do seu itinerario lector, asesorando sobre títulos, proxectos e/ou actividades complementarias, e facilitando a adquisición dos diversos materiais necesarios para levalo a cabo.
- Continuar coa hora de ler conxunta.

- Elaborar guías de lectura buscando a colaboración dos diferentes cursos e as recomendacións de mestres e alumnado.
- Complementar e apoiar tanto con recursos, orzamento ou espazos a aqueles cursos nos que se leven a cabo proxectos documentais.
- Promover que os mesmos usuarios da biblioteca escolar sexan dinamizadores activos, escoitando as súas propostas e suxerencias, cedéndolles protagonismo para que organicen sesións de animación, clubs de lectura, apadriñamentos lectores...
- Promover a existencia de distintos obradoiros: escritura creativa, encadernación
- Continuar coa revisión de Proxecto Lector do centro.
- Promover sesións de cine na biblioteca

EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Facer da biblioteca un espazo de traballo e canal para visibilizar o desenvolvemento das diferentes capacidades do noso alumnado.

OUTRAS ACTUACIÓNS.

- Mochilas viaxeiras con fondos para toda a familia.
- Colaboracións coa biblioteca municipal.
- Visita ao centro dalgún autor ou ilustrador.
- Visita ao centro de contacontos .
- Para todo o alumnado, intentar ampliar o seu vocabulario, xa que somos conscientes da pobreza do mesmo dos nosos alumnos/as, e a dificultade que isto supón á hora de estudar.

7. Seccións

Cada aula contará coa súa propia biblioteca de aula, e poderá ser actualizada frecuentemente con fondos da biblioteca escolar tal e como se vén facendo dende cursos anteriores, ou ben con libros dos propios alumnos.

8. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.

Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler:

- Creación da “Bibliopatio” que consiste nun estand móbil situado no vestíbulo do centro con diferentes caixas de lecturas para cada curso e ás teñen acceso todo o alumnado en tempo de lecer. Estes encontros de lectura desenvolveranse sempre fóra da aula, utilizando calquera dos espazos: patio de recreo, o ximnasio, o parque ou onde os titores acorden co Equipo de Biblioteca.
- Uso da Plataforma dixital de préstamos da Fundación José Manuel Lara na que os docentes 5º e 6º de Primaria poderán seleccionar un libro de entre os 5.000 dispoñibles así como as actividades que se pretendan traballar a partir da súa lectura.
- Organización da campaña de “Doazón de Libros” tratando de crear unha conciencia solidaria no alumnado como colaboradores culturais.
- O alumnado de Educación Infantil e os primeiros cursos de Educación Primaria levarán a cabo as distintas propostas a partir das lecturas incluídas no Programa da Fundación Meniños “O reino das emocións”.

Actividades de lectura compartida:

- *Apadriñamentos lectores:* o Equipo de Biblioteca emparellará a todos os alumnos de Infantil e Primaria, de tal xeito que os alumnos de 5º e 6º, que sexan colaboradores da biblioteca escolar, teñan apadriñados a dous alumnos, un de infantil e outro de primaria. Unha vez emparellados, o Equipo de biblioteca mantendrá unha reunión cos padriños para informar e organizar o traballo que van a levar a cabo. Posteriormente farase unha pequena presentación dos padriños e afillados e unha sesión de contacontos da man da tutora de Educación infantil para mostrar un modelo de cómo os colaboradores deben contar os contos aos máis pequenos. Por último, os pequenos, guiados polos colaboradores, farán unha selección de contos do seu interese para que os maiores compartan con eles un momento de lectura. Unha vez terminada a lectura farase unha posta en común sobre o lido e recrease a historia a través da expresión plástica creativa empregando distintos materiais. Cada trío disporá de un carne onde van rexistrando os libros compartidos.
- “*O kiosco solidario*”, actividade de acompañamento na lectura dirixida aos usuarios da *Residencia de ancianos San Rosendo* de O Bolo, e que consiste nun carriño de lectura composto por libros, revistas, periódicos, DVD’s e outros materiais escritos adaptados á idade e condicións de vida dos anciáns, que serán

seleccionados polos propios alumnos a partir da recollida das preferencias culturais en cada visita e que serán un excelente recurso de animación á lectura e un motivo de intercambio de experiencias culturais. Con este material seleccionado levaranse a cabo distintas actividades como é leerles en voz alta, creación de un club de lectura, comentar as actividades que se fan na nosa biblioteca, animación á lectura a través do cine e posterior debate, préstamo de libros... todas estas actividades irán organizándose en función das necesidades dos usuarios así como das novas propostas e iniciativas dos propios alumnos.

9. Itinerarios lectores.

Todos os niveis de Educación Primaria teñen establecidos os seus itinerarios lectores, os cales aparecen nas diferentes programacións de nivel e poden ser modificados en función das necesidades ou novidades que poidan considerar os titores dos distintos niveis.

10. Actividades programadas e temporización.

Proxectos documentais integrados:

- *Programa Leemos* da Fundación José Manuel Lara e Telefónica
- *Bibliotecas Escolares Solidarias* integrado no PLAN LÍA
- “*O Reino das emocións*” da Fundación Meniños
- Plan Proxecta: “*Voluntariado miúdo, móvete*”

Celebracións:

- *Día das Bibliotecas Escolares.*
- *Samaín/Magosto.*
- *Día Internacional contra a Violencia de Xénero.*
- *Día universal da infancia* coa lectura no Concello de O Bolo do manifesto sobre os dereitos dos nenos así coma distintas actividades de reflexión que requiren da colaboración das familias.
- *Día da Constitución.*
- *Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.*
- *Nadal.*
- *Día da Paz.*
- *Día da poesía.*
- *Mes do amor.*

- *Día de Rosalía.*
- *Día da Muller Traballadora.*
- *Semana da prensa* na que diseñaremos o noso propio xornal coas noticias máis destacadas do noso centro e da nosa contorna.
- *Semana do libro* coa creación de un corto de animación a partir da lectura de un conto do seu interese coa técnica stop motion.
- *Día das Letras Galegas.*

Actividades puntuais:

- Visitas de Autores
- Asistencia a sesións de contacontos
- Obradoiros de animación á lectura
- Asistencia a charlas e conferencias
- Plan Proxecta na biblioteca.
- Participación en actividades de fomento de lectura promovidas polo concello, así como doutras entidades con promoción social.
- Formación de novos usuarios.
- Elaboración de carnets.
- Organización e distribución dos colaboradores da biblioteca, que baixo a supervisión do Equipo de Biblioteca, contribuirá ao bo funcionamento da mesma colaborando nas seguintes actividades:
- o Renovación do ambiente lector que inclúe:
 - redistribución do mobiliario
 - nova sinalización máis chamativa
 - diseño de imaxes a tamaño real de persoaxes dos contos máis populares
 - diseño de paneis grandes con ilustracións de contos

o Elaboración de un “Menú semanal” no que cada semana se escribirán tres recomendacións de libros co seu título, autor e acompañadas de alguna ilustración según a etapa educativa ao que vai dirixido.

o Axudar aos máis pequenos na elección dos contos

o Aportar novas propostas para a mellora da biblioteca escolar

- Exposicións de libros.

- Recitado de poemas.

- Construcción do “Hospital de contos” para reparar dentro do posible os libros que estén deteriorados.

Ademais o calendario de actividades previstas en relación coa biblioteca e o fomento da lectura é aberto, e poderanse introducir tantas outras actividades ao longo do curso que se consideren interesantes para o alumnado.

11. Ler en familia.

Durante o presente ano académico, visto o bo resultado de cursos anteriores, levarase a cabo a actividade “Cóntame un conto” co alumnado de Educación Infantil e a actividade “Mochilas Viaxeiras” co alumnado de Educación Primaria. Ámbalas dúas actividades están pensadas para implicar ás familias de alumnos na formación dos nenos/as como lectores.

Coa actividade “Cóntame un conto”, o alumnado de Educación Infantil dispón en préstamo un libro durante a fin de semana para que algún familiar llo conte e posteriormente cada alumno cumprimente unha ficha cos datos do libro e faga unha valoración persoal do mesmo acompañado dun debuxo. A actividade rematará no centro cunha exposición oral sobre o traballo feito.

Os nenos/as de E.P. dispoñen en préstamo a mochila por un período dunha semana, para compartir coas familias o contido da mesma. O contido do material será escollido polos titores/as correspondentes, supervisado pola biblioteca e procurando que teña a maior variedade de textos e formatos para que o alumando poida elixir.

Acompañan a estes materiais “O diario da mochila” no que, tanto os nenos/as como as súas familias, aportan a súa opinión, novas creacións, debuxos, suxerencias... sobre o contido da mochila.

12. Seguimento e avaliación.

O seguimento e avaliación do plan anual de lectura considérase un elemento esencial do propio proxecto porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuacións que se están levando a cabo e dos recursos e medios empregados así como a realización de propostas de mellora. Para iso establécense os seguintes criterios e instrumento de avaliación:

a) Criterios de avaliación:

- Adquisición e aumento do hábito da lectura.
- Aumento no uso dos fondos da biblioteca.
- Emprego do servizo de préstamo da biblioteca escolar.
- Mellora da competencia en comunicación lingüística.
- O grao de desenvolvemento das actuacións previstas.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- Medidas de coordinación.
- Implicación das familias.

b) Instrumentos de avaliación:

- Complimentación por parte do alumno ou alumna dunha ficha bibliográfica de cada libro que lea.
- Instrumentos propios de cada materia para a avaliación da competencia lectora.
- Participación nas actividades de animación á lectura e grao de profundización e consecución das mesmas.
- Rexistro de préstamos de fondos da biblioteca.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, incluíranse ao finalizar cada curso escolar na memoria anual do centro, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.